

## 1990: OS INCÉNDIOS QUE NON CESAN

Ramón Varela Díaz-Xesús Pereiras López

O ano 1990, pésie aos esforzos acometidos desde a Xunta de Galiza, mediante o denominado Plan de Loita contra os Incéndios Forestais, elaborado pola Consellería de Agricultura, e unha intensísima campaña publicitaria, volveu a ser un ano nefasto para os nosos montes: os incéndios volveron a ser negra noticia do verán.

A raíz da presentación do Plan, membros de ADEGA mantivemos unha entrevista co Conselleiro de Agricultura para facer-lle chegar a nosa preocupación diante deste atentado ecolóxi-

tes lagoas que facían que, ainda representando significativos avances no tratamento presupostári, resultase insuficiente para acometer con verdadeira eficacia o problema dos incéndios forestais. O Plan era unha proposta de mínimos e da sua filosofía se traducía que os incéndios son inevitábeis. A maior partida presupostaria dos 5.294,7 millóns adicados ao Plan, ia dirixida á unha actuación limitada para a erradicación dos incéndios, a prevención praticamente se reducía a unha importante campaña publicitaria e a construcción de 1.200 km. de cortalumes, e a recuperación de zonas queimadas e a actuación sobre a madeira queimada nen se mencionaban. Por outra banda, defende-se unha política forestal baseada nos monocultivos e considera-se positiva a posibilidade de instalación de plantas de celulosa en Galiza.

Logo de cuarenta minutos de diálogo, a conclusión que se obtivo foi que o presente governo ia defender unha política continuista ao respecto dos anteriores executivos, que non se vai redactar unha lei do forestal galego e que toda esta problemática seria resolta de forma parcheada e pontual, sen elaborar plans e estratéxias a longo prazo coas suas respectivas partidas presupostarias, tal e como se apontaba na ILP.

Neste sentido, desde ADEGA defendemos que, para traballar no camiño de erradicar verdadeiramente os incéndios do noso país, ademáis de outras medidas complementarias, convén mudar a resignación (ou complicidade?) que nos poderes públicos existe sobre este atentado ecolóxico que non só escandaliza ao povo galego, senón a toda Europa. Claro que, polo menos, así consiguen que se fale deste país europeu inexistente.

Desde ADEGA pensamos que a problemática xeral do forestal galego e, en particular, dos incéndios forestais, tería que ser abordada desde as seguintes perspectivas:

co ao noso meio natural e propor-lle unha serie de medidas alternativas, que considerabamos -e consideramos- necesarias para acometer con seriedade esta problemática.

Ao longo da entrevista fixemos-lle ver ao Conselleiro a esperanza que tiña ADEGA de que, logo da postura do PP no debate da ILP para a Defensa do Patrimonio Forestal Galego, o novo governo mostrara unha actitude distinta á observada até o momento polos anteriores executivos autonómicos, pero o Plan apresentaba importan-

**1. Replantexamento da política forestal**, que pase a centrar-se nas especies nobres e na protección e recuperación das masas forestais autóctonas, e que teña en conta os seguintes aspectos:

- a) *Protección inmediata das áreas de bosque caducifolio.*
- b) *Potenciamento de viveiros destas árbores que hoxe non cobren a demanda (300.000 plantas de 12 especies galegas frente a 52 millóns doutras).*
- c) *Constitución dun banco de patróns xenéticos de calidade.*
- d) *Promoción e investigación das nosas árbores (mellora xenética, resisténcia a pragas e enfermidade, ecotipos, rapidez de crecemento...).*
- e) *Revisión dos prezos das árbores nobres de viveiro, disminuindo-os e igualando-os ás espé-*

*g) Paralización das repovoacións de eucalipto, que están hoxe xa perto das 250.000 has.*

*h) Oposición ao aluguer dos montes para que as transnacionais planten eucaliptos.*

**2. Dotación presupostaria** acorde coa gravidade do problema e coas perdas económicas -directas e indirectas- (valoradas no 89 en máis de 30.000 millóns de ptas., das que só a madeira queimada representa 8.500 millóns) que implica, aumentando os presupostos actuais.

**3. Prioridade á prevención**, seguida de alerta e detección dos incendios, dotando-as de maiores partidas presupostarias que as previstas.

**4. Dotar aos concellos con meios técnicos apropiados** (coches de bombeiros, emisoras,etc...) e con financiación axeitada e particular, segun as áreas de maior risco.



*cies más baratas, habilitando maiores subvencions para plantacións.*

*f) Diversidade forestal frente a monocultivos, que levaria consigo tamén diversidade industrial frente a industrias como as celulosas e as fábricas de tabuleiros.*

**5. Utilizar ao exército, garda civil, policia e corpos de bombeiros municipais** nas tarefas de preventión, alerta, detección e extinción, en tanto non se cre unha estrutura estable, aumentando o número de helicópteros e hidroavións na época estival.

**6. Especial atención á recuperación do monte**

queimado. A erosión representa, en moitos casos, maior gravidade que o incéndio en si: perda de terra, riadas, etc...

**7. Medidas educativas permanentes**, através de campañas nos meios de comunicación, escolas,... para resaltar a gravidade dos incéndios forestais e a urxencia da sua solución. Fomentar o interese polo monte e a necesidade da sua protección.

**8. Redacción dunha Lei Forestal**, en base aos acordos das Xornadas Técnicas organizadas polo Parlamento autonómico en 1986 e aos plantexamentos da ILP apoiada directamente por máis de 34.000 galegos-as e rexeitada no Parlamento por dous votos.

**9. Paralización** dos proxectos previstos de instalación de novas plantas de celulosa, mentres non exista unha lei forestal, pensada en galego, que contemple a diversidade forestal e recolla como finalidades do bosque, a protección, conservación e uso social, e non se teña iniciado a posta en marcha dunha política de potenciamento das plantacións de árbores autóctonas.

Infelizmente, para este ano 91 as cousas non parecen apresentar-se mellor que o ano anterior, dado que as partidas dun importante presuposto, 4.819 millóns de ptas. para acometer un plan contra os incéndios moi similar ao do 90, seguen a estar descompensadas a favor da extinción : 1.000 millóns para a prevención e 3.145 millóns para a acción directa contra o lume; iso si, este ano van celebrar-se concertos de rock, organizados pola Consellería de Agricultura, para que os galegos e galegas nos sensibilicemos diante da gran pira na que se converte Galiza todos os veráns.

Os obxectivos seguen a centrar-se, ainda que logo resulten ineficaces, nas medidas de acción directa contra o lume, non hai unha prevención real contra os incéndios -fora das autopistas por medio dos montes, perdón, os cortalumes- nem recuperación das zonas queimadas anteriormente, tal e como se pudo comprobar ao longo deste último Outono-Inverno. É dicer, a historia interminábel dunha insuficiencia anunciada.

Para que non nos engañen:

## 15 verdades sobre os efectos dos eucaliptos

Ramón Varela Diaz.

**PRIMEIRA:** Alto consumo e agua, o que conleva irregularidades no funcionamento hidrolóxico das concas fluviais.

**SEGUNDA:** Importante escorrentia de agua, moi superior ao dunha carballeira.

**TERCEIRA:** Interceptación de agua moi superior a das árbores autóctonas.

**CUARTA:** A infiltración de agua de choiva no solo é maior nunha carballeira que nun eucaliptal.

**QUINTA:** Os eucaliptais drenan para as fontes menos da metade do que o fan as carballeiras.

**SEXTA:** A erosión acentúa-se nun eucaliptal comparativamente co bosque autóctono, debido á maior escorrentia superficial. Os eucaliptos non son árbores apropiadas para o control da erosión.

**SÉPTIMA:** A preparación do terreo para plantar esta especie conleva, si se fai con maquinaria pesada como no Irixo, un forte impacto negativo con erosión moi notable.

**OITAVA:** A aplicación de turnos curtos de especies de crecimiento rápido conleva, despois de tres ou catro turnos, a necesidade de abonado, igual que as terras agrícolas. Os eucaliptos comportan-se como especies expliatorias en turnos curtos.

**NOVENA:** Os eucaliptos compiten con outras especies botánicas, inibindo a xerminación de determinadas herbáceas e iniben o crecemento doutras.

**DÉCIMA:** A diversidade biolóxica disminue nun eucaliptal con relación a unha carballeira e mesmo un pinar. Frente a 25 especies botánicas nunha carballeira, atopamos 10 nun eucaliptal e, se este é vello, o número de especies disminue.

**DÉCIMO PRIMEIRA:** Na evolución dun solo os eucaliptos teñen efectos negativos, no que se refere ao microclima, humus e protección da erosión. O equilibrio do solo comeza a romperse ao plantar esta especie.

**DÉCIMO SEGUNDA:** A matéria orgánica acumula-se na terra e tarda en descomponerse, polo que favorece o inicio e propagación dos incéndios forestais.

**DÉCIMO TERCEIRA:** Os eucaliptos son especies pirofíticas, arden con facilidade, extenden o lume e saen beneficiadas por xerminaren nos terreos calcinados sen competencia, á vez que actúan como pioneiras ou colonizadoras, extendendo a sua superficie.

**DÉCIMO CUARTA:** A norma legal de separar 6 m. ao eucalipto das fincas con cultivos, non se cumpre no noso país.

**DÉCIMO QUINTA:** A rendabilidade económica é superior, dedicando os terreos a pastos, viña, árbores nobres... que adicando-os a monocultivos de eucaliptos.

# A RECUPERACIÓN E RECICLADO DOS RESÍDUOS: UNHA URXENTE NECESIDADE

Xesús Pereiras López, Ramón Varela Díaz e Xosé Manuel López Ciprián

O abandono xeralizado e a xestión deficiente -cando existe- en matéria de xestión de resíduos sólidos producido pola actividade humana ven sendo unha dinámica no noso país. A recuperación e reciclado de materiais recuperábeis (papel, cartón, vidro, metais, matéria orgánica, etc...) é unha asignatura que tan só ten superado anecdoticamente os concellos de Monforte (através de Caritas), Noia e Narón, e o xa famoso bairro de Coia en Vigo. O habitual é ver lixo por todas partes, vertedeiros incontrolados e vontades políticas que se pretendan mascarar a sua inoperancia en campañas como «mantén limpia a tua cidade», onde o receptor da mensaxe está sempre á marxe de responsabilidades institucionais: o sofrido cidadán que ten que padecer todo tipo de críticas pola sua falla de educación cívica e de colaboración, por exemplo, cos governos municipais.

## Algunas datos da situación dos RSU en Galiza

Valla como exemplo os datos aportados polo próprio Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo (MOPU) quen recoñece que, no ano 1988, no noso país a producción de resíduos sólidos urbanos alcanza as 472.789 Tn/ano, das que o 58,6% (277.266 Tn/ano) é depositado en vertedeiros incontrolados, o 27% (128.097 Tn/ano) é depositado nos denominados «vertedeiros controlados» e o 14,2% (67.426 Tn/ano) é «destruído (?)» mediante o sistema de incineración. Calcula esta mesma fonte que a producción de resíduos tóxicos e perigosos alcanza as 43.850 Tn/ano, das que 8.150 Tn/ano son incineradas, 7.350 Tn/ano reciben tratamentos físico-químicos e 28.350 Tn/ano son depositadas en cimentérios de seguridade.

En 1988 existían no Estado 45 plantas de elaboración de compost (recuperación dos produtos

orgánicos dos resíduos por medio da fermentación bacteriana para a sua posterior re-utilización como abono das terras), en tanto que, a esta altura, na Galiza non existe nengun planta.



Conseguientemente, mentres que no Estado se produce, no 1988, 746.454 Tn. de compost, en Galiza perde-se a posibilidade de recuperar moitas das nosas terras por medio deste abono «natural».

Entanto que no Estado existen, no 1988, 7.029 puntos de recollida de vidro, para a sua reciclaxe e recuperación, distribuídos en máis de 500 povoacións. Esta medida beneficia a máis de 20 millóns de persoas, que xerou neste ano máis de 33 millóns de kilos de resíduos de vidro. En Galiza, tan só 22 puntos, a meirande parte deles en Coia (Vigo), a pesar dos beneficios sócio-económicos e as actitudes cidadás solidárias conseguidas con esta medida.

Por outra banda, no Estado recupera-se casi o 54% do papel e cartón usados, no noso país, de forma institucionalizada, cero, pudendo-se recuperar, cunha política de reciclaxe planificada, o 80% destes produtos. O potenciamento desta medida, non só contribuiría a diminuir -e eliminar- o deficit comercial e a necesidade de demanda de papel, senón que provocaría importantes beneficios ao noso país, nos seguintes niveis:

*a) conservaríamos recursos forestais. Para obter unha tonelada de papel precisa-se uns 4 m<sup>3</sup> de madeira. Este punto é de terríbel actualidade no noso país, onde os proxectos de instalación de novas plantas de celulosas, como sabemos, van condicionar negativamente o noso futuro forestal. Coa recuperación do papel e cartón usados e a celulosa producida actualmente en Lourizán, Galiza contaría cunha industria papelera pensada no país, sen necesidade do potenciamento dos monocultivos de eucaliptos e piñeiro, contribuindo, por ende, ao fortalecemento dunha política forestal centrada nas especies nobres autóctonas, cunha madeira de calidade, deficitaria hoxe nos mercados europeus.*

*b) conseguiríamos un grande aforro enerxético. O procedimento de recuperación e reciclaxe destes materiais supón un aforro de enerxía do 50%. Como é sabido, se a fabricación dunha tonelada de papel normal necesita 100.000 litros de agua e consome 5.000 kilowátios/hora, a mesma cantidade de papel reciclado necesita 2.000 litros de agua e consome 2.500 kilowátios/hora.*

*c) lograriamos importantes aforros por disminución de lixo. O contido en peso de papeis e cartóns nos resíduos urbanos representa o 20% dos resíduos producidos. Se se promove unha política recuperadora destes materiais, abarataría-se o*

*custe e melloraría-se o servizo de recollida.*

*d) protexeríamos o medio ambiente. Aforrariamos cás que o 80% de agua; a contaminación atmosférica reduciría-se un 73%; as matérias en suspensión nas águas residuais no alcanzarían o 25% e os resíduos sólidos producidos non alcanzarán o 39% do que produce a fabricación do papel normal.*

## O Plan de RSU de Adega

Ante este panorama, ADEGA elaborou un Plan de Xestión de Resíduos Sólidos Urbanos que apresentou ao Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas o pasado ano.

O Plan de ADEGA recollía as seguintes medidas a executar á maior brevidade:

- 1. Recoller** o lixo no meio rural en todos os Concellos.
- 2. Eliminar** todos os vertedeiros incontrolados.
- 3. Dotar** de meios axeitados a todos os concellos: camións, contenedores, etc.
- 4. Iniciar** un plan de recollida de vidro, para a sua posterior reciclaxe. Debería dotar-se con contenedores e servizo de recollida do vidro ás sete grandes cidades galegas no prazo do ano 1990 e nos seguintes anos promover esta práctica nas vilas.
- 5. Elaborar** un estudo para criar un plan de recuperación e reciclado do papel e cartón usados. Promover inicialmente esta recuperación nas distintas administracións públicas.
- 6. Elaborar** un plan de aproveitamento da matéria orgánica dos resíduos para fabricar compost.
- 7. Opoñer**-se á instalación de novas incineradoras de lixo, a fin de evitar a sua alta contaminación atmosférica, promover a recuperación de matérias primas que se queiman e aforrar enerxía.
- 8. Criar** urxentemente vertedeiros controlados provisionais mancomunados, tendo en conta o impacto ambiental e escollendo o lugar idóneo. Selar os numerosos vertedeiros que non cumplen unhas mínimas condicións sanitarias e recuperación paisaxística dos terreos afectados.
- 9. Elaborar** un plan de educación ambiental que, canalizado polos meios de comunicación e os centros de ensino, chegue a sensibilizar e concientiar a toda a povoación da necesidade de protec-

ción da natureza, da limpeza do meio, dos problemas ambientais e de saúde derivados da negativa xestión dos resíduos producidos.

**10. Instalar contenedores especiais para a recollida de pilas e pilas botón.**

**11. Elaborar medidas disuasórias para reducir o**

*especialmente, nas áreas de Ferrol-A Coruña; Pontevedra-Vigo; Santiago-Rias; e Lugo-Ourense.*

*b) Potenciar as industrias de reciclado do vidro.*

*c) Potenciar as industrias de reciclaxe de papel e cartón usados.*



consumo de matérias difícilmente degradábeis como plásticos, envases non retornábeis, etc.

**12. Instalar zonas «pilotos» para a selección de lixo.**

**13. Estudar a viabilidade de transporte por ferrocarril até o vertedero en determinadas áreas.**

Complementariamente a estas medidas de urxencia, ADEGA propuña as seguintes actuacións para o período 1990-1993:

*a) Potenciar as industrias de fabricación de compost, promovendo a sua posta en funcionamento,*

*No caso de non existir iniciativa privada a estes proxectos, o próprio governo galego promovería a sua instalación e, consecuentemente, a comercialización destes produtos.*

*d) Opoñer-se á instalación de vertedeiros para resíduos químicos, radiactivos, tóxicos e perigos en Galiza.*

*e) Vixilar o control, xestión e eliminación dos produtos químicos e radiactivos xerados no noso país.*

*f) Criar unha Comisión de Seguimento da execución do Plan, onde tería que incluir-se aos grupos*

*de defensa ecolóxica actuantes en Galiza.*

Este Plan foi valorado moi positivamente polo Sr. Cuiña, quen compartia a nosa idea de que, en boa medida, a recuperación da imaxe dunha «Galiza verde» pasaba pola eliminación dos riscos derivados dos RSU para o medio ambiente e, mesmo, para a saúde das povoacións. Non obstante, no ano 90 pouco se realizou do prometido e a situación anterior segue sen variar. Mesmo, nestes días vimos de coñecer o novo plan de RSU proposto pola COTOP e que centra a sua xestión na proposta de instalación de novas incineradoras (na Coruña e Vigo), rexeitando, semella, definitivamente as alternativas de reciclaxe.

## Razóns para a oposición ás incineradoras

As desvantaxes das incineradoras, frente á recoillida selectiva de RSU , reciclaxe de papel e cartón usados, así como á elaboración de compost a partir da matéria orgánica do lixo, son enormes, sobre todo se estas alternativas non se toman en consideración dentro dunha política integral de xestión dos resíduos sólidos. De todos xeitos, apontamos algúns inconvenientes que, pensamos, xustifican a inadecuación desta solución:

1. As incineradoras requieren un gran investimento, acorde coa demanda social de eliminar riscos contaminantes para o entorno e a saúde. Dada a permisibilidade dos actuais poderes políticos non cremos que se vaian coidar en exceso as medidas correctoras do impacto ambiental, polo que representa unha solución negativa para resolver esta problemática.

2. Os custes de funcionamento, debido á sua especialización, das incineradoras é relativamente alto. Os custes de mantemento e reparación das plantas son altos, dado que a equipa e a maquinaria se averian frecuentemente por arámos, metais aplastados e materias fusíbeis, abravisos e explosivos que aparecen nos resíduos. Así pois, a combinación de grandes investimentos de capital, reparación e mantemento custosos, producen un coste por tonelada na xestión de reíduos maior que a doutros métodos aceitábeis, ademais de que o obxectivo final buscado é a eliminación dos resíduos, non a sua recuperación.

3. A xustificación económica da eliminación de resíduos por este método defende-se pola situación estratégica das instalacións (as comarcas da Coruña e de Vigo, as de maior densidade e producción, conseguientemente, de resíduos). Surxe, con isto, a dificuldade para atopar, nestes entornos, un emprazamento aceitábel e que non entre en contradición coa oposición xeral das povoacións dos lugares (lembremos nestes días as protestas dos veciños de Vigo, por exemplo). O tránsito diario e contínuo de camións e outros meios de transporte de resíduos resulta, entón, molesto, levando consigo un factor de risco, por exemplo, para comunidades residenciais fóra dos núcleos urbanos.

4. A incineración, basea o seu obxectivo, como dixemos, na eliminación, non na recuperación dos resíduos. En debén, este método non é completo, dado que as cinzas converten-se de novo nun problema e hai que aplicar novos métodos de tratamento para a sua eliminación definitiva.

5. Por outra banda, a instalación de incineradoras de RSU pode converte-se, dado o papel asignado ao noso país no contexto europeu, nunha xustificación «que nen pintado» para eliminar resíduos químicos, tóxicos, perigosos e radiactivos que sobran por todas partes e non se sabe que facer con eles. Non hai que esquecer que se está estudiando diversas zonas de Galiza para instalar cimentérios de resíduos tóxicos e perigosos, e que, habitualmente, as incineradoras de RSU converten-se en lugares idóneos para solucionar os problemas derivados da inexisténcia de control sobre os resíduos industriais.

## Outras propostas sobre os RSU

Como é habitual as accións más positivas viñeron de fóra da administración autonómica. Por unha banda, a proposta, presentada pola Comisión de Meio Ambiente da Mancomunidade de concellos da comarca da Coruña, que é presidida polo Concello de Oleiros, de ubicación dunha planta de reciclaxe e compostaxe de RSU desta mancomunidade nos terreos da Central Termoeléctrica de Meirama (Cerceda), proxecto centrado nos obxectivos, coincidentes co movimiento ecoloxista galego, de economizar matérias


primas, de aforro enerxético, de protección do medio natural e, moi importante neste caso, de restauración do entorno. O uso do compost resultante *in situ* para a rexeneración dos fondos da explotación mineira actual e de canteiras actualmente abandonadas, coa idea de construir viveiros forestais de plantas autóctonas nobres, para a posterior repovoación dos nosos montes, é unha boa proba das aventaxes da recuperación dos produtos orgánicos do RSU, ademais de converter-se unha fonte indirecta de ingresos para as administracións locais, dada a sua rendabilidade e demanda, claramente competitivo co abono químico, tan perxudicial para a conservación da produtividade e equilibrio das nosas terras. Esta planta iría acompañada dun ambicioso proxecto de investigación, formación ocupacional e promoción industrial, centrado nun Centro de Educación e Divulgación da Reciclaxe de RSU.

Por outra banda, a destacar a presentación o pasado xaneiro polo Grupo Parlamentario do BNG dunha Proposición non de lei para a recollida, tratamento e aproveitamento dos resíduos urbanos, centrada na necesidade de criar plantas de elaboración de compost, na oposición á instalación de novas incineradoras e no apoio á proposta da Mancomunidade de concellos da comarca da Coruña, e que complementaba outra, apresentada no mes de decembro, que facía especial fincapé na necesidade de que a propia Administración autonómica inciará unha política interna de recuperación, tratamiento do papel usado e de utilización do papel reciclado na documentación e publicacións oficiais da Xunta e do Parlamento, como paso previo para unha xeneralización posterior en todas as administracións públicas e en todas as cidades e vilas do país. Infelizmente esta proposta foi recentemente rexeitada polo voto do grupo maioritario no Parlamento, nunha decisión non exenta de paradoxa, xa que se votou en contra da proposta, pero, segun o portavoz do PP, «isto non supón que estexamos en contra nen moito menos».

Neste días coñecemos tamén a iniciativa dos estudantes da Facultade de Xeografía e História da Universidade de Santiago encamiñadas á recollida selectiva do papel e á potenciación do uso do papel reciclado nas suas actividades,

completada pola creación, por parte da Axencia Municipal de Desenvolvemento do Concello de Santiago, dunha empresa de reciclaxe de papel.

É un feito o aumento da sensibilidade cara á problemática medioambiental no noso país por parte da povoación, é un feito, tamén, que cada vez son maiores os sectores contrarios á actual políti-



ca de xestión dos RSU por parte da Administración (lembre-se a conflituosidade pola ubicación e eficacia dos vertedeiros «controlados» en múltiples concellos do país), é, en definitiva, un feito que o tratamento e recuperación dos resíduos sólidos urbanos supoñen unha urgente necesidade para a calidade de vida e o equilibrio do noso meio natural.

# VIVER SEN NUCLEARES: UNHA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DO MOVEMENTO ECOLOXISTA E ANTINUCLEAR DO ESTADO

Máis de cen organizacións ecoloxistas e antinucleares integrantes da Coordenadora Estatal Antinuclear (CEAN) acordaron o ano pasado promover unha Proposición de Lei de peche das centrais nucleares do Estado español, através dunha Iniciativa lexislativa Popular. Esta campaña está sendo apoiada no noso país por medio da actividade conxunta dos grupos integrantes na Asemblea De Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza (AGENG), a dous niveis: divulgación dos obxectivos perseguidos coa mesma e recollida de asinaturas de apoio ao texto da ILP.

ADEGA, consciente da importancia desta campaña e do esforzo que supón a recollida de meio millón de asinaturas de apoio a este proxecto de viver sen nucleares, que recolle o sentimento xeralizado non só de Galiza e dos diferentes povos do Estado, senón, sen dúbida algúna, de todo o Planeta, quer prestar as páxinas da sua revista para incluir os dous documentos que están a servir de base a esta campaña antinuclear: o texto da Proposición de Lei e o Informe, elaborado pola Comisión Promotora da ILP, intitulado «Dez boas razóns para pechar as nucleares».

## Proposición de Lei de peche das centrais nucleares

### *Exposición de motivos*

*A enerxía nuclear está en crise en todo o mundo. As dramáticas consecuencias dos accidentes de Harrisburg e Chernobyl, os riscos para a saúde das persoas, o problema irresolto dos resíduos, a falla de rendabilidade destas instalacións e unha opinión pública cada dia máis contraria ao seu*

*uso, son factores desta crise. Un bon número de países desenvolvidos renunciou á produción nuclear de electricidade sen que o seu nivel de benestar se vexa mermado. Este é o caso de seis dos doce países da Comunidade Europea. Entre eles están Dinamarca, que ademais de posuir a renda per cápita máis alta da CEE, produce a enerxía más barata, e Itália que, ainda consumindo 1,5 veces a electricidade do Estado español, pechou as suas centrais en 1987 tras un referendo. Non son casos únicos. Austria, Austrália e Nova Zelanda tampouco producen electricidade de orixe nuclear. Hoxe pode dicer-se sen exageración que a enerxía nuclear se volvے un peso-delo, incluso para aqueles que a impulsaron.*

*O peche das centrais nucleares é unha necesidade urxente. O risco de novos accidentes multiplica-se dia a dia, como demostra o exemplo de Vandellós I. A cantidade de resíduos, complicando a solución, incrementando o seu custo e acrecentando a hipoteca do futuro; en relación a este tema, é imperativo o desmantelamento do cimento nuclear de El Cabril, así como o supeditar a criación de novos cimentérios nucleares ao peche das centrais. A crise ambiental do noso tempo exige en breve un cambio no modelo enerxético, baseado na participación cidadá en cada nacionalidade e rexión, que abra as portas a unha nova forma de desenvolvemento ecoloxicamente fundada.*

*Na sua virtude,*

### **ARTIGO PRIMEIRO**

*Renuncia-se á produción e importación de electricidade de orixe nuclear en todo o territorio do Estado español. Por conseguinte,*

*1.- Non se iniciará a construcción de nengunha nova central nuclear.*

**2.- Renunciará-se a obter electricidade de orixe nuclear naquelhas plantas, inicialmente concebidas como centrais nucleares, que contan coa autorización de construcción (Lemoiz I e II, Valdecaballeros I e II, e Trillo II) submetidas actualmente a moratoria.**

#### ARTIGO SEGUNDO

*Fica prohibida a importación, exportación e tránsito de substancias e equipas de xeración de electricidade de orixe nuclear, tanto se foron producidos neste como en terceiros Estados.*

#### DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA

*O Governo apresentará ao Parlamento no prazo máximo e improrrogábel de seis meses un plan de peche e desmantelamento urxentes de todas as centrais nucleares, comezando polas de primeira xeración -Zorita e Garoña- para continuar polas restantes.*

#### DISPOSICION ADICIONAL SEGUNDA

*Autoriza-se ao Governo para que no prazo máximo e improrrogábel de seis meses dite as normas necesarias para o desenvolvimento do disposto na presente Lei e a punificación dos seus infractores.*

#### DISPOSICION ADICIONAL TERCEIRA

*Para levar a cabo o plan de peche e destamentamento criará-se unha comisión de seguimento da que formarán parte entidades ecoloxistas e asociacións cidadás.*


#### DISPOSICION DERROGATORIA

*Fican derrogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente Lei.*

## Informe: Dez boas razóns para pechar as nucleares

A xeración de electricidade a partir da fisión nuclear é un dos erros tecnolóxicos, ecolóxicos e económicos más graves do noso tempo. Lonxe de asegurar o noso benestar, converteu-se nunha importantísima fonte de malestar. En interese de xeracións vindeiras, e do mundo que estamos

obrigados a legar-lles, urxe acabar con ela. A Comisión Promotora da presente Lei de Iniciativa Lexislativa Popular considera que a renúncia á



producción de electricidade de orixe nuclear é moralmente imperiosa e economicamente posíbel, polas seguintes razóns:

1. Todas as actividades da industria nuclear xeran contaminación radiactiva, e a radiobioloxía demostrou que nengunha dose é inócuia. A vida radiactiva de moitos elementos prolonga-se durante miles de anos, a sua liberación ao meio ten efectos acumulativos e multiplica-se nos seres vivos. Antes de que os seus efectos se manifesten en forma de tumores canceríxenos, poder transcorrer décadas, as malformacións hereditárias poden aparecer en xeración sucesivas. En soma: a industria nuclear impón á povoación un risco para a sua saúde, sen que nunca se lle consultara directamente o seu parecer.
2. As centrais nucleares producen unha gran cantidade de resíduos radiactivos, criando un problema que permanece irresolto: quen pode garantir a seguridade dese material altamente radiactivo durante decenas de miles de anos? Quen vai facer-se cargo da sua custodia e vai custeá-la? O problema non é propriamente técnico, senón ético: ten direito a nosa xeración a deixar esa terribel heranza ás que nos sucederán? Esta é unha razón fundamental para pechar canto antes todas as centrais nucleares: mentres sigan en explotación continuarán xerando resíduos que aumentarán a hipoteca para as xeracións futuras.
3. O entorno ve-se afectado polas consecuencias que poderían derivar-se, tanto de un desastre natural como, particularmente, de un acto deliberado de extorsión ou sabotaxe de carácter bélico ou golpista. Como con uns poucos kilogramos de plutónio é relativamente fácil construir unha bomba nuclear, a indefensión ante tales ameazas pode levar á sociedade a eleger entre seguridade e liberdade. Para contrarrestá-las, os gobiernos ven-se inclinados a adoptar medidas de carácter policial e militar que merman direitos cidadáns. No debate nuclear está en xogo a liberdade e a soberanía dos povos.
4. Nacida a bomba atómica, a industria nuclear alimenta á bomba facilitando a proliferación horizontal e vertical de armas nucleares. Por ese camiño a India conseguiu a arma nuclear en 1974, sospeita-se que podan té-la Sudáfrica e Israel, e poderían facerse con ela máis de cuarenta Estados: Iraque, Irán, Líbia, Exipto, Síria, Pakistán, Brasil, Arxentina, México, Chile, Canadá, Taiwán, Corea do Sul, Xapón, Filipinas e

case todos os países do Leste e Oeste de Europa. Esta presunción converte aos reactores nucleares en cavalos de Troia, tal como demostraron os bombardeos do centro nuclear iraquiano de Tamuz en 1980 e 1981. Unha discusión séria sobre os custos da opción nuclear debe contemplar tamén os relacionados coa defensa, a paz e a liberdade dos cidadáns.

5. Aos riscos do funcionamento normal engadense os de calquier erro, fallo ou imprevisto mecánico ou humano. A historia da industria nuclear está salpicada de incidentes e accidentes. Verdadeiras catástrofes como as de Windscale (Gran Bretaña) en 1957, Harrisburg (Estados Unidos) en 1986, demostraron cal é o alcance do risco que a industria nuclear obriga a asumir. A magnitud de un accidente nuclear grave non resiste comparación posibel: os efectos perduran durante xeracións. A negativa das compañías de seguros a cobrir os riscos de accidentes nucleares fala por si propia.

Chernobyl causou a morte inmediata de 31 persoas. Máis de 100.000 deberon emigrar. Perto de 50.000 km<sup>2</sup> de terras quedarán improdutivas durante meio século ou máis. Un millón e medio de persoas quedaron afectadas por radiacións de alto nivel, e o número probábel de cancros nos próximos 70 anos pode alcanzar o meio millón. Chernobyl demostrou que os efectos de un accidente nuclear non coñecen fronteiras. A medida que a idade media dos reactores aumenta, incrementa-se tamén a probabilidade de accidentes. O ocorrido o 19 de outubro de 1989 en Vandellós I só é un primeiro aviso. O único seguro das centrais nucleares é a sua inseguridade. Non queremos centrais más seguras, queremos estar seguros sen centrais nucleares.

6. Unha vez esgotada a sua vida útil, as propias centrais nucleares serán imesos resíduos que a sociedade deberá custodiar durante decenas de anos. Non existen precedentes de desmantelamento de reactores nucleares de gran poténcia, nin de almacenamento seguro das suas partes máis contaminadas de radiactividade. Pero deberán manterse ailladas durante xeracións, e nunca até agora a tecnoloxía pudo garantir que unha estrutura permancera intacta durante tanto tempo. Esa hipoteca xa non pode eliminar-se.

Pero a sua carga pode aminorar-se pechando o parque nuclear antes de que alcance o máximo nivel de irradiación.

**7. As reservas mundiais de uránio son limitadas.** Os promotores da industria nuclear pretendian solucionar a escasez de uránio aproveitábel con unha segunda era de reactores rápidos «superxeradores», que proporcionaran máis material fisi-

Pero, incluso así, resultaron completamente infundados. As constantes avarias, as protestas dos veciños, as advertencias de moitos científicos e as accións do movemento antinuclear obligaron a establecer maiores medidas de seguridade. Os custos de construcción dispararon-se, as demoras aumentaron, as frecuentes paradas diminuiron a utilización efectiva, mermando a ren-



bel dos que consumiran. Pero tamén resultaron os más perigosos. Os enormes problemas do seu controllo dispararon o custe até facé-lo completamente disparatado. Era un verdadeiro mito económico, e en todas as partes estan-se abandonando xa os plans de superxeración para o futuro. Pero iso implica que a xeración eléctrica nuclear ten os anos contados.

**8. A industria nuclear non superou a proba do mercado.** O dilema seguridade e rendabilidade levou-na até a quebra. Os prezos aos que se pensaba obter electricidade só tomaron en conta unha moi pequena parte dos custos e dos riscos.

dabilidade e levando ao retraimento do investimento privado.

A demanda de enerxía prevista tamén é exaxerada. A subida do prezo do petróleo puxo fin á correlación tabu entre crecemento económico e consumo enerxético: con menos enerxía obtemos os mesmos bens que antes. O consumo de electricidade ainda aumentou menos do previsto. Desde 1975 a crise extendeu-se ao negocio electrónico. Os encargos cairon en picado, e abandonaron-se multitud de proxectos. A clave do futuro está no aforro e a diversificación das fontes de enerxía. As centrais nucleares só serven para

producir electricidade nuclear cada vez más cara. A crise económica da industria nuclear é, no fundo, unha crise de necesidade, de credibilidade e de lexitimidade.

Onde contou coa protección do Estado, como en Franza ou no Estado español, o negocio nuclear sobreviveu mellor e segue constituindo un poderosísimo grupo de presión. Pero a costa de un exceso de capacidade de xeración, do abandono doutras alternativas, sacrificando o aforro e convertindo a electrificación nun imperativo. En vez de satisfacer unha necesidade real, as compañías eléctricas buscan suscita-la nun mercado cautivo. A fixación das tarifas eléctricas trasladou ao consumidor os custes dunha má xestión. Como resultado, o modelo enerxético español encontra-se entre os más ineficientes, despilfarradores e absurdos.

**9. A renúncia a producir electricidade nuclear é economicamente viábel e ventaxosa se nos encamiñamos cara a un outro modelo enerxético.** En todos os países desenvolvidos, a metade ou más do consumo enerxético é demanda de calor, e más de un terzo é-o de combustíbeis líquidos para transporte. Calquer central nuclear desperdicia dous terzos da enerxia en forma de calor residual. Só o terzo restante se aproveita como electricidade. Pero os usos que requieren electricidade son enormemente limitados. Un sistema máis diversificado, baseado en convertidores múltiples, de pequena escala e adaptados aos usos concretos que satisfacen necesidade reais, permitiría alcanzar cotas de maior benestar, consumindo moitos menos recursos.

Por exemplo: unha central nuclear de 1.000 Mw. pode substituir-se por paneis solares, ou por coixeradores a gas, ou un mellor aillamento térmico, ou por equipamentos más eficientes, que permitan aforrar 10 kw en 100.000 edificios, ou 2 kw en meio millón. Pero a protección desmedida que o Estado outorga aos intereses monopolistas das compañías eléctricas, e a sua desatención doutras alternativas, prolonga artificialmente a vixénica de un modelo caduco que permite a uns poucos obter grandes benefícios a costa de grandes perxuízos para a sociedade, e grandes danos á Natureza.

Necesitamos un novo modelo enerxético acorde cos tempos. Despois de Chernobyl, o mundo empezou a plantexar-se o abandono definitivo da xeración nuclear de electricidade. A consciéncia da gravidade planetaria do deterioro medioambiental obriga a acelerar a reconversión ecolólica das formas de obter e utilizar enerxia. E a nova crise do Oriente Médio volveu a recordar que a paz, liberdade, a equidade, e a soberania dos povos penden da opción entre manter unha orde ecoloxicamente irracional ou, más alá do despilfarro, dirixir os esforzos cara ás enerxias renovábeis.

Por estas razóns o proxecto de lei que apresentamos insta ao governo a elaborar un plan de peche e desmantelamento urxentes das centrais nucleares que contan con permiso de explotación, renunciando a producir electricidade nuclear nas que están suxeitas a moratoria, e renunciando tamén a construir no futuro nengunha nova central nuclear. Agora é o momento do cámbio. Agardar só aumentará a sua dificuldade e o seu custe no futuro.

**10. Este proxecto de lei apresenta-se ao Congreso dos Deputados pola via da iniciativa lexislativa popular por un motivo importante.** A imposición da opción electronuclear foi, desde o comezo, unha historia anti-democrática. Apoiada polo poder do diñeiro e do próprio Estado, logrou vencer. Pero case nunca convencer. As decisións de abandoná-la sempre foron, en cambio, profundamente democráticas, baseadas no exercicio real da soberania popular e a miúdo coa participación directa dos cidadáns. Os referendos de Austria en 1978 e Itálica en 1987 son un bon exemplo.

O novo modelo enerxético que necesitamos exixe, á sua vez, unha ampliación do exercicio real da democracia. A opción nuclear só podía impoerse contra a vontade popular. Unha opción ecolólica só será posibel, se fomenta a participación cidadá e a soberania real en cada lugar, cada rexión e cada nacionalidade. Por esta razón as persoas, os grupos e entidades cívicas antinucleares que damos o noso apoio a este proxecto de lei apresentamo-lo ao Congreso dos Deputados através do único resquicio de democracia directa que contempla o actual ordenamento político español.

## ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Apdo. de Correos núm. 1.183. 15080 A Coruña

### FOLLA DE INSCRIPCIÓN

SÓCIA/O NÚM.....

Nome e Apelidos .....

Enderezo ..... Núm..... Piso.....

Teléfono .....

Localidade .....

Natural de ..... Provincia de .....

Data de Nacemento ..... Profesión.....

D.N.I. ....

Cuota Sócia/o: 750 ptas. ao trimestre.

Suscripción revista (4 números): 1.200 ptas.

### COLABORA CON ADEGA, FAI-TE SÓCIA/O

A Coruña, a ..... de ..... de 199 .....

Banco ..... Sucursal .....

Localidade .....

Conta Núm. ....

Titular .....

Estimados Sres.;

Prego a Vdes. que até novo aviso fagan efectivos á ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA), con cárrego a miña conta os recibos que trimestralmente e ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Saúda-os atentamente,

Asdo. ....

Por favor, remita esta carta a ADEGA, para que unha vez anotada a faga seguir ao Banco.

### Conecta cos enderezos ou apartados de correos:

A CORUÑA : ..... 1.183

MARIN : ..... 91

A ESTRADA : ..... R/ Lagartóns, s/n

OURENSE : ..... 439

FERROL : ..... Mosteirado,11 - Franxa - Mugardos

SANTIAGO : ..... R/ Touro, 21-2º

LUGO : ..... 405

VIGO : ..... 920